

IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS 24 MARZO 2024

Ramos: Xesús dóase e fainos doantes

1. VER: Necesítanse doantes

- A miúdo aparecen nos medios, noticias como esta: “necesítanse doantes”. Nos hospitais necesítanse persoas anónimas que acudan para extraerlles sangue para logo inxectarlla a outras persoas durante unha operación. Estas persoas dóana voluntariamente e de forma altruísta.

Que che parece? Que se consegue?

2. XULGAR: Xesús dóase e fainos doantes

- No evanxeo de Marcos, a multitude aclama a Xesús grita: *“Hosanna, bendito o que vén no nome do Señor!”*
- Logo lemos a *paixón segundo S. Marcos na que ao morrer Xesús dise que “o veo do templo rachouse en dous, de arriba abaixo”.*

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- Hoxe acudimos a **bendicir os ramos e as palmas**, un día de alegría. Os nenos van con ilusión levando as palmas con lambetadas. Pero, que celebramos? **Que Xesús entre como Rei na nosa vida**, por iso acompañámolo cantando: “Hosanna, bendito, santo”... Oxalá que non o abandonemos cando entrega a súa vida por amor na cruz.
- Pero logo **lemos a Paixón** na que Xesús dá a súa vida porque nos ama e quere salvarnos. Ráchase o veo do templo, rompe o antigo, o que afasta, o que altera a imaxe de Deus que é amor

e bondade. Xa non hai veo, nin encubrimento, detrás da Cruz está o Amor do Pai, cara ao Fillo e cara á humanidade. É o Amor de Deus que se fai doazón para nós. Exprésao ben Fano con esa **transfusión de sangue que Xesús fai desde a cruz aos nosos brazos e á nosa vida**. Entrégase por nós para darnos Vida.

- Pero hai algo máis: Na cruz descubrimos o Amor que se fai doazón e **desvélanos que hoxe nós debemos facernos doantes para aqueles que hoxe están crucificados pola fame, pola violencia, pola soidade, pola guerra**. Si, sendo doantes de vida, de pan, de amor.

A que te está chamando Xesús nesta Semana Santa?

3. ACTUAR: Xesús necesítate como doante

- Non esquezas a Xesús esta semana, acompañaos nos Oficios, participa nas celebracións, agradece toda a Vida que nos dá por puro amor.
- Mira como podes ser leito de doazón do crucificado aos crucificados, a quen podes levar pan, alegría, tempo, amizade, perdón...
- Quedemos estes días contemplando a cruz. Desde ela regálanos Xesús os sacramentos.
- Da auga e do sangue do seu corazón traspasado chéganos a graza do perdón, da eucaristía, do bautismo ou da unción de enfermos.
- escoitade a Paixón, paixón de “apaixonar”, de dar a vida ata o extremo. Preparade a lectura da Paixón, os cantos. Comentade que actitudes hai detrás de cada personaxe da paixón e en que se parecen a nós. Escribimos unha oración agradecendo a Xesús que dea a súa vida por nós, que se una aos nosos sufrimentos. moito froito para todos.

Que vas facer esta semana?

LECTURAS

BENDICIÓN DE RAMOS

MARCOS 11, 1-10: *Bendito o que vén no nome do Señor.*

Narrador: Narrador: Cando se achegaban a Xerusalén, por Betfagé e Betania, xunto ao monte das Oliveiras, mandou a dous dos seus discípulos, dicíndolles:

Xesús: -«Ide á aldea de en fronte e, en canto entredes, atoparedes un burriño atado, que ninguén montou aínda. Desatádeo e traédeo. E se alguén vos pregunta por que o facedes, contestádelle: “O Señor necesítao, e devolverao pronto”».

Narrador: Foron e atoparon o burriño na rúa atado a unha porta; e soltárono. Algúns dos presentes preguntáronlles:

Algúns: -«*Que facedes desatando o burriño?*». **Narrador:** Eles contestáronlles como lles dixera Xesús; e permitíronllo. Levaron burriño, botáronlle encima os mantos, e Xesús montou. Moitos alfombraron o camiño cos seus mantos, outros con ramas cortadas no campo. Os que ían diante e detrás, gritaban:

Xente: -«*Hosanna! Bendito o que vén no nome do Señor! Bendito o reino que chega, o do noso pai David! Hosanna nas alturas!*».

Palabra do Señor.

(Narrador--Xesús-Algúns-Xente).

PALABRA DO SEÑOR

Isaías 50, 4-7: *Non me tapei o rostro ante as aldraxes.*

salmo 21: *Meu Deus, meu Deus, por que me abandonaches?*

Filipenses 2, 6-11: *Rebaixouse, por iso Deus o levantou sobre todo.*

Paixón segundo san Marcos 14,1-15,47: *Meu Deus, meu Deus, por que me abandonaches?*

